



C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

ACTA NÚMERO 4

**PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA CUBRIR O POSTO DE TRABALLO DE XEFE/A DA
BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE A CAMPAÑA DO
ANO 2026**

Ás 12,30 h h do venres, 31 de xullo de 2026, reúnense as seguintes persoas integrantes do tribunal de selección de persoal para a contratación ou nomeamento das persoas traballadoras (neste caso 1 xefe/a de brigada) que formarán parte da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais no exercicio 2025, co fin de valorar as probas prácticas eliminatorias realizadas a partir das 9,30 h do xoves, 23 de xullo de 2026 Nave de servizos municipais (Abegondo) e na Casa do Concello:

Presidente:

Titular: José Manuel Rodríguez Costa

Vogal 1:

Titular: M^a del Mar Carro López

Vogal 2:

Suplente: M^a Teresa Rodríguez Villaverde

Secretario:

Titular: José Antonio Varela Doval

O tribunal contou coa colaboración e asesoramento de Alberto Manteiga Díaz e Francisco Javier Cabanas Lozano, empregados do departamento de Obras e Servizos do Concello de Abegondo.

Conforme as bases de selección aprobadas por medio do decreto da alcaldía número 387/2026 do 14/07/2026 (expte TEDEC: 2026/E001/000002 – 2026/G003/000443), realizouse en primeiro lugar a proba práctica eliminatoria coa que poder valorar o coñecemento e a destreza necesarias para o manexo da ferramenta, maquinaria ou medios que se utilizarán no posto de traballo a desenvolver, e para a que estaba convocada a única persoa candidata admitida no proceso selectivo para a praza de xefe/a de brigada convocada.

O resultado da proba práctica 1 realizada é o que se reflicte na táboa que se insire a continuación:

Nº rexistro	Nome	Resultado /puntuación
R.E 202600000001943	Maceiras Fernández, Martín	1.50

De acordo co previsto nas bases de selección e dado que esta proba ten carácter eliminatorio, o tribunal considera que á única persoa candidata convocada e presentada, superou a antedita proba xa que obtivo unha puntuación igual ou superior a 1,00 puntos, a metade da puntuación máxima de 2,00 puntos.

Posteriormente, ás 12,15 h dese mesmo día, conforme as bases de selección, realizouse a a proba práctica eliminatoria 2, que posibilitou valorar os coñecementos específicos na materia e que consistiu nun **test de avaliación** cun total de 20 preguntas. Cada pregunta tiña ata 3 respostas posibles, sendo soamente unha delas a correcta. Para superar a proba práctica foi necesario, cando menos, responder correctamente un total de 10 preguntas (0,50 puntos).



C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

O resultado da proba práctica 2 (test de avaliación) realizada pola única persoa candidata é o que se reflicte na táboa que se insire a continuación:

Test de avaliación:

Nº rexistro	Nome	Resultado /puntuación
R.E 202600000001943	Maceiras Fernández, Martín	1.50

No conxunto de ambas as dúas probas prácticas, as persoas candidatas poderán acadar unha puntuación máxima de 5,00 puntos, requiríndose unha puntuación mínima de 1,50 puntos.

A continuación o tribunal, en consonancia coas bases aprobadas, valora os **méritos presentados** pola única persoa aspirante convocada e presentada, que realizou e superou as probas prácticas eliminatorias, co seguinte resultado:

Nº rexistro	Nome	Experiencia	Formación	Total Méritos
R.E 202600000001943	Maceiras Fernández, Martín	--	0.30	0.30

O resultado final para cubrir a praza de xefe/a da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais no exercicio 2026, do Concello de Abegondo é o seguinte:

Nº rexistro	Nome	Proba práctica	Méritos	Total
R.E 202600000001943	Maceiras Fernández, Martín	3.00	0.30	3.30

Este tribunal, á vista dos resultados obtidos propón a contratación para a praza de xefe da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Abegondo para a campaña do ano 2026 a: **Martín Maceiras Fernández**.

O tribunal dispón que se publique o resultado final da baremación dos méritos presentados pola única persoa aspirante admitida para a praza convocada e o resultado das probas prácticas, así como a puntuación total, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Abegondo (<https://sede.abegondo.gal>).

As persoas interesadas poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas ata as 12:00 h do luns, 3 de agosto de 2026. Estas serán resoltas polo tribunal. No suposto de non se produzan reclamacións contra esta proposta, esta elevaríase a definitiva, dando por rematadas as probas de selección.

Tal e como dispón o apartado 12. das bases de selección do persoal para cubrir os postos de traballo da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais durante a campaña do ano 2026 “As persoas candidatas propostas para cada unha das prazas convocadas deberán superar os recoñecementos médicos e as probas de esforzo obrigatorias. O resultado dos mesmos deberá reflectir a condición de apta de cada unha das persoas candidatas propostas, como condición indispensable para a súa contratación ou nomeamento. “

Ao mesmo tempo e de acordo coas devanditas bases, “para o caso de baixa ou renuncia da persoa proposta ou xa contratada ou nomeada como funcionario/a interino/a, o Concello poderá substituíla/s pola seguinte persoa candidata da lista segundo a orde de puntuación que figure na acta de selección (...) “.

E sendo as 14:00 h., dáse por finalizada a sesión e, en proba de todo, estendo a presente acta e como secretario dou fe.

Abegondo, 31 de xullo de 2026